

SAMAÍN 2011

A FESTA DAS CABAZAS
A FESTA DOS CALACÚS



MATERIAIS



*EQUIPO
DINAMIZACIÓN
LINGUA GALEGA*

CEIP JUAN FDEZ. LATORRE A Coruña



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORIXES DO SAMAÍN

A noite do 31 de outubro comezaba o aninovo celta, como aínda se celebra na illa de Man.

Nesta noite as ánimas dos finados voltan visitar ás súas familias e ás súas vellas casas para quentárense a carón do lume e comer dos alimentos que con agarimo lles teñen preparados os parentes.

O cristianismo, adoptando o ano novo dos celtas e a súa festa á honra dos mortos, designaría o primeiro de novembro como Día de Todos os Santos, e no século XII, ao día seguinte, estableceríao como Día dos Defuntos.



A LENDA DAS CABAZAS. CATRO TEXTOS

Chega o outono. Tempo de castañas, noces, vento, follas secas e días escuros. É o tempo de recoller o maínzo e as cabazas. É tamén o tempo en que a rapazada fai as caveiras na cortiza das cabazas, seguindo unha antiga tradición dos tempos dos celtas.



Os celtas foron uns antigos habitantes de Galicia. Un dos seus costumes era poñer unha luz acesa dentro das caveiras dos inimigos mortos. Xa hai moitos séculos que tal costume se perdeu, máis hoxe en día aínda fica a tradición de tallar unha caveira na cortiza dos melóns e poñer no seu interior unha candeia que escentile pola noite.

Os celtas tiñan un grande respecto polos mortos. Nas súas caveiras poñían unha candeia para que, ao escen-tilar pola noite, puxera medo no corazón da xente. Tal cousa facíana ao chegar os tempos escuros do ano, que ao andar o tempo, foise transformando na festa dos defuntos.



Hoxe en día xa non se practican tales crenzas, máis ao longo do tempo mantívose un costume derivado destas: tallar caveiras na cortiza das cabazas e alumealas cunha candeia no seu interior.



COMO SE TALLA UNHA CABAZA?

1



Escolle a túa cabaza. O tamaño non importa, pero procura que estea máis verde que madura. Aguantará máis tempo.

2

Coa axuda dun familiar maior corta a parte superior da cabaza e gárdaa. Servírache de tapa.



3

Colle unha culler e baleira o interior da cabaza. Limpaa moi ben para que quede só a tona dura do exterior.



4

Talla unha cara que produza moito medo. Cun coitelo ide tallando os ollos, o nariz e a boca.



5

Decora a cabeza, colócalle unha candeia no interior e xa está... a meter medo á veciñanza!




UNHA CABAZA PARA O SAMÁIN

Recorta a cabaza, pícalle os ollos, o nariz e a boca e pégalle papel celofán de cores nos ocos. Cólga dun fío ou péga na fiestra.




A CAVEIRA ARREPIANTE!!

Colorea de negro a caveira. Pícalle os ollos, a boca e o nariz. Recórtaa e pégallo papel celofán de cores pola parte posterior. Colgaa dun fío ou péga na fiestra.




UN ESQUELETO PARA METER MEDO

Recorta o esqueleto seguindo as liñas, pícalle os furados e móntao con enca-
dernadores.




MEDIO MORCEGO

Poderás completar o morcego?. Coloréao, recórtao e cólgao dun fío.



UN ANTEFACE PARA O SAMAÍN

Colorea o anteface de cabaza, pícalle os ollos, recórtao, colócalle unha goma e xa es unha auténtica cabaza!!.




A SOPA DE CABAZA

Colorea á bruxa que está a preparar unha rica sopa de cabaza e recórtaa.





O ESTANDARTE DO SAMAÍN (1 DE 2)

Colorea a cabaza das dúas fichas. Pícalles ollos, nariz e boca. Pégalle papel celofán pola parte posterior. Recorta as cabazas, decóraas con papeis de cores, pega unha coa outra e colócalle un paiño polo medio.



O ESTANDARTE DO SAMAÍN (2 DE 2)

Colorea a cabaza das dúas fichas. Pícalles ollos, nariz e boca. Pégalle papel celofán pola parte posterior. Recorta as cabazas, decóraas con papeis de cores, pega unha coa outra e colócalle un paño polo medio.



UN CREBACABEZAS (1 DE 2)

Colorea, recorta e monta unha cabaza.



UN CREBACABEZAS (2 DE 2)

Monta a cabaza xa coloreada.

